

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 29  
DE XANEIRO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ

MARIA ISABEL POISA REY  
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

M<sup>a</sup> del Carmen Pérez González  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do día VINTENOVE de XANEIRO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asistiron á sesión as concelleiras LUZ DOPORTO REAL (PP) e MARIA TERESA DEVESA GRAÑA (BNG). Previamente xustificaron a súa ausencia.

Sen incidencias.

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Solicitud de bonificación do 50% sobre a cota do imposto sobre construcións, instalacións ou obras para unha edificación industrial no Parque empresarial de Chorente, a instancia da empresa Via Nova Transitaris, SL.**
4. **Bases da convocatoria de subvencións do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento, a rehabilitación edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbana 2013 – 2016 para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Aldeas e Lugares de Santa Mariña de Augas Santas, fase 1, anualidades 2015-2016, segundo a redacción efectuada pola Oficina de Rehabilitación.**
5. **OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con ABANCA (expte. FL2016.01).**
6. **OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con BANCO PASTOR (expte. FL2016.02).**
7. **XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Convocatoria de elección.**
8. **Moción do BNG solicitando ao Ministerio de Fomento o asfaltado da N-525, tramo Allariz-Piñeira de Arcos.**
9. **Rogos e Preguntas.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión anterior.**

*Aprobase pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, sen modificación algunha.*

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

**3. Solicitude de bonificación do 50% sobre a cota do imposto sobre construcións, instalacións ou obras para unha edificación industrial no Parque empresarial de Chorente, a instancia da empresa Vía Nova Transitarios, SL.**

Da conta da solicitude a concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, sinalando que a petición, que conta con dictamen favorable da comisión de facenda, persoal e réxime interior, axústase igualmente ao disposto na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construción, en vigor, conforme á última modificación acordada polo Pleno da corporación, e polo tanto, propónse a súa aprobación, dado o interese público que concorre por razóns de promoción económica e creación de postos de traballo, segundo se desprende do proxecto presentado, sen que elo entrañe dificultades de concorrencia cos restantes empresarios que xa están instalados no Parque empresarial dada a ponderación da bonificación acordada.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, María del Carmen Pérez González, sinala que o seu grupo vai votar favorablemente tal como xa se indicara na comisión de facenda, persoal e réxime interior, se ben quere deixar constancia de que o desexable houbera sido, como defendeu o Partido Popular no seu momento, elevar a bonificación ata o 95%.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, expresa a súa conformidade co dictamen da comisión.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

Visto o escrito de data 18/01/2016, núm. 181, presentado por don JOSÉ MANUEL BLANCO GONZÁLEZ, no nome e representación da empresa mercantil VIA NOVA TRANSITARIOS, S.L. polo que solicita unha redución do 50% no imposto sobre construcións, declarando que estima a creación de 9 postos de traballo pola posta en marcha deste proxecto empresarial.

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial, don Alfonso Fernández Losada, presentado polo representante legal da empresa Vía Nova Transitarios S.L CIF B32424137, para a execución das obras de construción dunha nave industrial para base lóxística que pretende levar a cabo dentro das parcelas E1, E2, E9 e E10 do Parque Empresarial de Chorente (SUI-1 de Roiriz), que serviu de base para a concesión da correspondente licenza urbanística pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 22 de xaneiro de 2016.

Vista liquidación correspondente ao Imposto sobre Construcións, Instalacións ou Obras - ICIO- que ascende a 9.653,00 euros.

Considerando que é de aplicación o artigo 4º, apartado 4, da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, conforme á redacción establecida por acordo do Pleno desta Corporación de data 03/11/2015, actualmente en vigor (BOP nº 298, de data 29 de decembro de 2015), que establece:

*Artigo 4º.*

*Apartado 4.- Bonificacións sobre a cuota do imposto.*

*Establécese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*

*Dita declaración corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase por voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo acompañada dunha memoria xustificativa do investimento e da creación dos postos de traballo de carácter indefinido e/ou temporais que, no seu caso, se prevexan crear.*

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 26/01/2016;

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

*PRIMEIRO.- Conceder á empresa mercantil VIA NOVA TRANSITARIOS, S.L., con CIF nº B32424137, representada neste acto por don José Manuel Blanco González, unha bonificación do 50 por 100 sobre a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións ou Obras -ICIO- que ascende a 4.826,50 euros de bonificación sobre unha liquidación de 9.653,00 euros.*

*SEGUNDO.- Acéptase que a construción da nave industrial que se vai levar a cabo nas parcelas do Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) reviste a cualidade de ser de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifican tal declaración, e así se declara expresamente por vontade deste órgano plenario.*

*TERCEIRO.- Dispoñer que na liquidación que se practique aplíquese a bonificación acordada de 4.826,50 euros.*

*CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución deste acordo.*

**4. Bases da convocatoria de subvencións do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento, a rehabilitación edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbana 2013 – 2016 para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Aldeas e Lugares de Santa Mariña de Augas Santas, fase 1, anualidades 2015-2016, segundo a redacción efectuada pola Oficina de Rehabilitación.**

Da conta da proposta o concelleiro de urbanismo, Manuel Cid Pérez, sinalando que, como se sinalan nas bases redactadas pola Oficina de Rehabilitación, a convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o fomento da actividade de rehabilitación de vivendas dentro do ámbito da parroquia de Santa Mariña, que conta coa declaración de Área de Rexeneración e Renovación Urbana, e polo tanto pode favorecerse das axudas comprometidas nos acordos da Comisión Bilateral de data 27 de outubro de 2015, asinados entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz. Como é normal nistes casos, as bases reguladoras da convocatoria detallan as actuacións que son subvencionables, os requisitos necesarios para poder optar ás axudas e as condicións dos inmobles, que teñen que ser destinados ó uso residencial de vivenda habitual. Son subvencións a fondo perdido, sinala o concelleiro, sendo o número máximo de actuacións previstas para esta anualidade de 5, cunha proposta de financiamento máximo de 30 mil euros e unha axuda máxima de 6 mil euros por vivenda, sendo o orzamento mínimo protexido superior a 18 mil euros. Nas bases establécense tamén os criterios para a concesión das subvencións, as datas de inicio (2 meses a partir da notificación da subvención) e o prazo de terminación das obras que será antes do mes de novembro do ano 2016.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o seu grupo está de acordo en potenciar a rehabilitación de vivendas e que se preserven os valores arquitectónicos dos núcleos rurais especialmente na parroquia de Santa Mariña, que conta cuns valores arquitectónicos a patrimoniais singulares, polo tanto, ao seu grupo parécelle moi positivo que o concello se acorde destes núcleos e non só da capitalidade. Cree que xa se tardou moito en acordarnos deles, pero cree que habería que potenciar máis a rehabilitación dos núcleos que contan cunha arquitectura popular e ambiental singulares, non só en Santa Mariña, que ten un valor especial, reconece.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, expresa a súa conformidade co dictamen da comisión.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que a aposta por Santa Mariña que xa se iniciou fai un tempo e que culmina agora con esta nova Área de Rehabilitación, aprobada pola Xunta de Galicia, non debe esquecer o esforzo que ten feito o Concello na recuperación de Santa Mariña, porque sempre se considerou que era un elemento estratéxico de futuro que explica o esforzo que se ten feito mesmo con aportacións municipais propias, incluíndo as excavacións no castro de Armea, co obxectivo de poñer en valor e crear unha dinamización económica como obxectivo principal. Por eso anima a todos os veciños a acollerse a esta posibilidade que tamén se complementa coas axudas previstas na liña de subvencións para o Camiño da Prata. Aclarando a petición do concelleiro do Partido Popular, as 5 actuacións é o número máximo de actuacións, non significa que xa estean previstas e seleccionadas para concederlles a subvención. Ese é o número previsto no convenio asinado co Ministerio de Fomento e coa Xunta de Galicia.

En todo caso, o concelleiro do Partido Popular solicita que se utilicen criterios obxectivos para seleccionar as actuacións que van recibir a axuda; tamén que se utilicen criterios obxectivos cando se envíen á Comisión de Patrimonio expedientes de rehabilitación, xa que non sempre ten sido así, e que se utilicen criterios obxectivos cando se da información sobre posibles redactores de proxectos de rehabilitación que non sempre ten sido así.

Sobre estas consideracións, o Alcalde sinala que o labor da Oficina de Rehabilitación está contrastada e ten sido exemplar e pioneira xunto con Santiago de Compostela e mesmo cumprindo os criterios de obxectividade.

Polo exposto,

Visto o prego que contén as bases reguladoras para a concesión de subvencións para 5 actuacións de rehabilitación dentro da Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Aldeas e Lugares de Santa Mariña de Augas Santas, fase 1, anualidades 2015-2016, segundo a redacción efectuada pola Oficina de Rehabilitación.-

Considerando que o citado prego de base axústase ao acordo da comisión bilateral celebrada o día 27 de outubro de 2015, relativo á área de rexeneración e renovación urbana de aldeas e lugares de Santa Mariña de Augas Santas en Allariz (Ourense), asinado polo Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestructuras e Vivenda e o Concello de Allariz.

Considerando así mesmo que a Área de Rehabilitación Integral das aldeas e lugares de Santa Mariña de Augas Santas en Allariz foi declarada por Resolución da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Presidente do IGVS, de data 16 de setembro de 2015.

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 26/01/2016;

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

*PRIMEIRO. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento, á rehabilitación edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbana 2013 – 2016 para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Aldeas e Lugares de Santa Mariña de Augas Santas, fase 1, anualidades 2015-2016, segundo a redacción efectuada pola Oficina de Rehabilitación.*

*SEGUNDO. Aprobar a convocatoria de subvencións do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de fomento, á rehabilitación edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 – 2016 para a Área de **Aldeas e Lugares de Santa***

**Mariña de Augas Santas, (ARRUALSM) fase 1, anualidades 2015- 2016, segundo a redacción efectuada pola Oficina de Rehabilitación de acordo coa Comisión Bilateral celebrada o 19 de novembro, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Aldeas e Lugares de Santa Mariña de Augas Santas en Allariz (Ourense), Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de Fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a Rexeneración e Renovación urbanas 2013- 2016, anualidade 2015-2016. A proposta de financiamento máximo será de 30.000 € co seguinte esquema de financiamento anual.**

Anualidade 2015	12.079,27€
Anualidade 2016	17.920,73€

*TERCEIRO. Ordenar a publicación da convocatoria e do texto íntegro das bases no BOP para a apertura do prazo de presentación de solicitudes e o desenrolo da mesma.*

**5. OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con ABANCA (expte. FL2016.01).**

Explica o Alcalde que se vai facer unha exposición conxunta dos puntos número 5 e 6, sen prexuízo de que a votación será separada para cada ún dos expedientes.

En relación con estes expedientes, sinala o Alcalde, as dúas operacións contan co dictamen favorable da comisión de facenda en base ás condicións financeiras de renovación ofertadas polas dúas entidades. Sinala ao respecto que o Concello ao longo do exercio fixo un esforzo de amortización da débeda financeira municipal, concretamente a póliza con Abanca vaise renovar por 500 mil euros de xeito que se amortizaron 140 mil co compromiso de renovar nunhas concidións moi favorabeis xa que o tipo de interés baixou dun 3,5% ao 0,87% sobre o euribor a tres meses, asumindo unha obriga, proposta polo Concello, de amortización trimestral de 25 mil euros.

A póliza formalizada co Banco Pastor tamén se vai suscribir cunha redución de 12 mil euros pasando dos 362 mil a 350 mil, co obxectivo de que durante o exercicio haxa unha redución significativa destas pólizas.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, María del Carmen Pérez González, sinala que o seu grupo, tal como xa expresou na comisión, vai votar en contra, porque a natureza das operacións de tesourería son a corto prazo e neste caso estanse convertindo en operacións a longo prazo saltándose o espírito destas operacións.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, expresa a súa conformidade co dictamen da comisión.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 26/01/2016;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable dos concelleiros do BNG (8) e do PsdeG-PSOE (1) e co voto en contra dos concelleiros do PP (2), ACORDA:

*Primeiro.- Concertar coa entidade financeira ABANCA unha operación de tesourería por importe de //500.000,00€/// nas seguintes condicións financeiras:*

*Importe: 500.000,00€  
Prazo: 1 ano.  
Tipo de interés variable: Euribor 3 meses + 0,87%.  
Liquidación de intereses: Trimestral.  
Revisión tipo de interés: Trimestral  
Amortización: Ao vencemento, con 3 reducións trimestrais de 25.000 euros. Sin comisións.  
Comisións de apertura/non dispoñibilidade: Exento.*

*Intervención: Firmase diante o Secretario. Non obstante, o Organismo e o Banco apoderáanse reciprocamente para que calquera das partes podan solicitar a elevación a público do contrato durante a vixencia do mesmo, sendo os gastos e impostos que se ocasionen por conta da parte que o solicite.*

*Segundo.- Facultar ao Alcalde, Don Francisco García Suárez, para que no nome e representación do Concello expida e asine os documentos precisos para a formalización desta operación de tesourería e asine o correspondente contrato.*

**6. OPERACIÓN DE TESOURERÍA.- Aprobación, se procede, dunha operación (renovación) con BANCO PASTOR (expte. FL2016.02).**

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado;

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 26/01/2016;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable dos concelleiros do BNG (8) e do PSdeG-PSOE (1) e co voto en contra dos concelleiros do PP (2), ACORDA:

*Primeiro.- Concertar coa entidade financeira BANCO PASTOR Grupo Banco Popular unha operación de tesourería por importe de //350.000,00€/// nas seguintes condicións financeiras:*

*Importe: 350.000,00€  
Prazo: 1 ano (data de vencemento actual 05-02-2016)  
Tipo de interés: Euribor trimestral + 0,87% (liquidación mensual-revisión trimestral)  
Comisión de renovación: Exenta.  
Comisión de dispoñibilidade: Exenta  
Gastos de estudio: Exenta*

*Segundo.- Facultar ao Alcalde, Don Francisco García Suárez, para que no nome e representación do Concello expida e asine os documentos precisos para a formalización desta operación de tesourería e asine o correspondente contrato.*

## **7. XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Convocatoria de elección.**

Explica a Alcalde que esta praza quedou deserta, sen solicitantes, na anterior convocatoria e, tralas conversas mantidas coa Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, faise unha nova convocatoria durante 15 días hábiles para poder cubrir esta praza conforme aos modelos de solicitude e declaracións utilizadas en anteriores convocatorias.

Polo exposto,

O Pleno, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

*Convocar eleccións mediante a publicación dun edicto no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos lugares de costume do municipio para xeral coñecemento, concedendo aos interesados un prazo de QUINCE (15) días hábiles hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que presenten as solicitudes conforme ao modelo que se lles entregue nas oficinas municipais, acompañado dunha fotocopia do DNI e dunha declaración xurada de reunilos requisitos legais para acceder ó nomeamento e de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade para exercer o cargo.*

## **8. Moción do BNG solicitando ao Ministerio de Fomento o asfaltado da N-525, tramo Allariz-Piñeira de Arcos.**

Da conta da moción de data 26 de xaneiro de 2016, a concelleira de promoción económica e portavoz do BNG, Cristina Cid Fernández, presentada nos seguintes termos:

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A situación da N-525 ao seu paso por Allariz, está a suscitar numerosas queixas e reclamacións por parte dos veciños. Debemos ter en conta que a N-525 é unha importante vía de comunicación para Allariz, para a mobilidade dos seus veciños nos desprazamentos no propio Concello, e na comunicación con Ourense ou coas terras da Limia e Monterrei. Así mesmo, ten tramos practicamente urbanos, cunha actividade económica importante en Allariz, especialmente servizos de gasoliñeira, talleres e restaurantes, que se ven afectados negativamente, ademáis de pola situación económica que provoca unha caída tan importante do consumo, tamén polas dificultades que comporta o asfaltado da estrada.*

*Na sesión celebrada o 28 de marzo de 2014, o Pleno da corporación, a proposta do BNG, aprobou solicitar ao Ministerio de Fomento a execución de obras de mantemento nesta estrada debendo proceder ao asfaltado dos tramos deteriorados, especialmente naqueles mais directamente ligados á actividade económica do concello e que inciden na seguridade viaria, particularmente o tramo que vai desde o acceso ao parque empresarial de Chorente ate á Padela.*

*A consecuencia daquela petición, leváronse a cabo obras de mantemento no tramo da estrada que linda co termo municipal de Sandiás, no alto de Allariz e, posteriormente, no exercicio 2015, no tramo mais urbano, na zona comprendida entre o parque empresarial de Chorente e o cruce cõa estrada de Xunqueira.*

*Queda pendente de resolver, dado o mal estado que presenta o firme, a comunicación con Sandiás e Xinzo de Limia, no tramo que vai dende Allariz a Piñeira de Arcos. Polo que recoñecendo os esforzos no mantemento e mellora nos pasados anos, queremos solicitar agora unha nova actuación neste 2016.*

*Por todo o exposto propomos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*



*Solicitar do Ministerio de Fomento a urxente reparación da N-525 con asfaltado nos tramos deteriorados, especialmente no tramo de Allariz a Piñeira de Arcos.*

Polo Grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, antes de nada, sinala que o seu grupo vai votar a favor, o cal non quita que non deixa de ser sorprendente o celo que mostra o BNG en reclamar as deficiencias do pavimento da estrada N-525 entre Allariz e Piñeira cando o propio Concello ten moi abandonadas as infraestructuras municipais. Se serve indirectamente para que o Concello tamén poña interés na conservación das súas propias infraestructuras benvido sexa, porque a estas alturas do século XXI que siga habendo tantas vivendas sen saneamento municipal chama a atención. Hai vivendas en San Vitoiro, Queiroás Pequeño, Amiadoso, San Martiño e mais núcleos que non teñen saneamento municipal, sinala. Se falamos de alumeadado público están á vista as deficiencias, basta con pasar por concellos limítrofes para ver que non teñen deficiencias no alumeadado público, mentras que en Allariz, sí. Non só hai deficiencias no alumeadado público nos núcleos rurais senón que tamén en Allariz capital. P.ex. na Barreira, na zoa próxima a Santa Clara, nin unha soa luminaria; nunha beirarúa próxima ao Mosteiro, nun determinado lugar hai un único peldaño que implica un risco elevado de que a xente se poida caer, e se non hai alumeadado público o risco aumenta considerablemente. En Emilia Pardo Bazán, rúa principal, hai sitios onde non se ve nada. Tampouco hai un control sanitario suficiente das fontes dos pobos; habería que indicar aquelas fontes que están controladas e aquelas outras que non están, indicar as que se pode consumir auga ou non, pero para dar esta información hai que facer un control suficiente, e non se está facendo. Entonces, o Partido Popular roga que ese celo, como dicía a concelleira de promoción económica, que poñen en reclamar a outra administración para que subsane determinadas deficiencias, con maior razón o propio Concello debe poñer ese mesmo celo para subsanar as deficiencias, algunhas importantes, nas infraestructuras municipais.

Polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, expresa que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción porque xa era un asunto que tamén tiñan no seu programa electoral, ademais é un tema que lles preocupa moito e que está en mans da súa Deputada provincial.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que ben está, diante una reivindicación concreta do Concello, pretender facer outra sobre as deficiencias dos propios servizos municipais, pero non cree que teñan unha relación directa mesmo no apartado de mantemento da rede viaria, porque o Concello, está facendo un esforzo anual importante. Concretamente, no pasado exercicio asfaltouse a pista de Meire, en toda a parróquia, con asfaltado en frío; tense feito un mantemento de toda a rede viaria e seguirase facendo, afirma o Alcalde. Con respecto á rúa Emilia Pardo Bazán, todos os veciños son conscientes, sinala, do esforzo e da mellora da infraestructura que se fixo neste vial, tanto que cambiou mesmo a mentalidade comercial desta rúa, gañou en seguridade viaria e mesmo pasou a ser hoxe o principal núcleo de actividade económica reducindo psicolóxicamente mesmo as distancias con respecto a Roimelo cunha actuación integral. Con respecto ao saneamento, considera que o Concello de Allariz pode compararse con calquer outro concello; a mesma cidade de Ourense ten moitos núcleos rurais sen saneamento, que o Concello de Allariz, salvo dous núcleos, Coedo e Guimarás, dos que xa se ten falado eiquí no pleno, no resto dos núcleos pode haber algún tipo de vivenda que, por carencias, non ten conexión á rede municipal, pero ten posibilidades de bombeo en algún caso, ou conta con fosa séptica, dada diseminación existente. Pero non é esta cuestión o obxecto do debate, do que se trata é do mantemento dunha estrada de primeiro nivel que, xunto coa A-52, conforman a principal vía de comunicación coas comarcas limítrofes e coa propia capital de Ourense. A reparación e asfaltado, como xa se expresou, foise facendo por tramos ao longo dos últimos anos, o mais relevante quizá, o que está no entorno de Abuín e das instalacións industriais xa está feito e agora o que resta é outro tramo, no que todos coinciden en que se conclúa, porque presenta un deterioro moi forte que pode afectar á seguridade vial. Con respecto aos servizos municipais, está disposto a analizar caso a caso aquelas melloras que fora oportuno poder realizar e mesmo atender as suxerencias que o portavoz do PP acaba de apuntar.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación sendo aprobada a moción nos termos presentados, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local

**9. Rogos e Preguntas.**

Non houbo.

*E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e trinta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO